

AS RELACIÓNS AFECTIVAS E A EDUCACIÓN PARA A SAÚDE. COMENTARIOS SOBRE UNHA EXPERIENCIA

Lola Ferreiro Díaz e Fernando Martínez López

Saudiña, nº 2. 1.995. Revista de EpS na Escola, editada pola Consellería de Educación e O.U. e o Servicio Galego de Saúde. Dep. Legal: C-1631-93

Queridas lectoras e lectores de Saudiña:

Seguramente moitos e moitas de vós xa nos coñecedes, xa traballamos xuntos algunha vez. ¿É ese o teu caso?. Pois entón, unha aperta, ¡¿que tal che vai?!.

¿Non?, ¿non nos coñecemos de nada?. Nese caso presentámonos. Somos Lola e Fernando... ¿que facemos aquí, metidos entre as follas de Saudiña?. Pois... verás: o ano pasado, nas **II Xornadas de Educación para a Saúde**, fixemos un obradoiro (**As relacións afectivas e a EpS**), que se ía presentar nun artigo do número 1 de Saudiña. Pero logo, debido a imponderábeis de última hora, o artigo non puido saír.

Naquela presentación analizabamos algunhas das cousas que fomos aprendendo ao longo do noso traballo coas nenas e nenos, cos e coas adolescentes e as súas familias, e cos grupos de profes cos que levabamos varios anos traballando.

Cando, desde a redacción de Saudiña, nos propuxeron incluír aquel artigo neste número, decidimos que había que modificalo moito. Porque o taller xa se celebrou e, entón, case é mellor analizalo que presentalo. Pero, sobre todo, porque xa pasou un ano e, desde entón, aprendemos unhas cantas cousas máis. Cambiaríamos... ¡ata o título do obradoiro, se o fixeramos agora!

En calquera caso, o que si nos gustaría moito, é que o que imos contar servise para o debate. De feito, a nosa análise, realizada en moitos casos con vós, resúmese sempre nalgunhas ideas que se propoñen para o traballo en grupo, para que sexan cuestionadas nos equipos e sirvan para continuar adiante na intervención.

¿POR ONDE COMEZAMOS?

Quizás por contar un pouco de onde parte a nosa experiencia: o noso traballo comezou na clínica. Primeiro, coa asistencia a nenas e nenos con problemas psicopatolóxicos. Despois coas e cos adolescentes, que tamén tiñan problemas... Sempre coas súas familias e, moitas veces, coas súas profesoras e profesores, dos que solicitabamos colaboración para facilitar o proceso de resolución do caso. Porque sempre pensamos que o contorno afectivo era fundamental para a evolución do asunto e sempre pensamos tamén que a escola era parte dese contorno.

Máis adiante, xa nun proxecto de investigación en psiquiatría social (Saúde Mental e Adolescencia), comprobamos a importancia deste contorno. Xa non para a resolución dos problemas, senón para o crecemento persoal e o aumento do nivel de saúde.

Por último, polos comezos do curso 92-93, cos resultados da investigación aínda fresquiños, tivemos a oportunidade de comezar a intervención nos plans de formación do profesorado... a proposta referíase a aqueles aspectos que tiñan que ver co mundo afectivo dun xeito máis directo (titorías, orientación educativa, educación para a saúde) e, claro está, aceptamos inmediatamente.

Desde entón, o contacto directo con moitos e moitas de vós, xeralmente en grupos, permitiunos, ante todo, aprender moitísimo: recollendo as principais preocupacións que se expresaban: *no noso Centro detectamos un problema de consumo de drogas. Tentamos de resolvelo e non fomos quen... como podemos facer para conseguilo?*, ou *cando chamamos ás nais e aos pais para lles preguntar algo relacionado coa súa filla ou fillo, ou para lles suxerir algunha cousa, en xeral non colaboran, ás veces nin sequera veñen. Outras veces veñen, pero menten ou non contestan... ¿como podemos resolvelo?*, ou *algúns dos nosos alumnos e alumnas están habitualmente con grupos de xente de fóra do Centro, aparentemente pouco recomendábel. Xa tentamos de evitalo e non o conseguimos... ¿como podemos intervenir?*.

Case desde o comezo, identificamos unha cuestión fundamental, que parece estar detrás destas expresións: *¿como se pode salvar esa falla de receptividade, esa aparente impermeabilidade ante a intervención educativa que amosan con frecuencia as destinatarias e destinatarios dos?*.

Pero, ao mesmo tempo, eramos conscientes de que as alternativas deben ser construídas polas persoas que plantexan os problemas, *¿como, senón, iamos poder intervenir?*. Conviña, desde o noso punto de vista, analizar polo miúdo

os pormenores da intervención "problema". Ver se estaban definidos os obxectivos e ver se a intervención se deseñara en dirección de cubrilos.

XA NA INTERVENCIÓN, CONTINUABAMOS A APRENDER COUSAS, COS GRUPOS E DOS GRUPOS

No proceso de busca, identificabamos que había algo que transcendía dos programas e do seu deseño, era algo que posibelmente tivera que ver cos modelos de relación que se establecen entre as persoas e entre estas e os grupos humanos. Falabamos concretamente do substrato ou o soporte do mundo afectivo da comunidade escolar: os tipos e modelos de relacións e de vínculos afectivos que se establecen entre os membros da comunidade educativa.

Isto é todo un mundo, pensamos, así que resulta imprescindíbel facer algunhas concrecións para podermos abordalo e iniciar o proceso de resolución... e, para comezar, concretámolo na calidade das mensaxes que se emiten, na capacidade para ler as que se reciben e, en consecuencia, para darlle a estas a resposta axeitada, desde un punto de vista educativo, todo isto mediado pola empatía, a capacidade para entrar no mundo subxectivo das e dos demais, de comprendelo, de respectalo e de valoralo... Porque, en definitiva, todo isto inflúe na autoestima e, en consecuencia, no proceso de construción da identidade persoal e grupal.

Así que nos propuxemos abordar os vínculos afectivos, a escoita e a comunicación, considerando que todo isto constitúe o aparato esencial para a educación das actitudes que, pola súa vez, teñen a súa proxección nas conductas.

E AGORA, FACIÁMONOS NÓS TAMÉN A PREGUNTA... ¿COMO INTERVIMOS?

Primeiro de todo había que identificar os indicadores das relacións, da súa influencia na evolución do traballo, os cambios que se poden propiciar reformulando algúns presupostos... e todo isto había que facelo nunhas xornadas de traballo habilitadas fóra do horario laboral... e partindo do presuposto de que eramos todas e todos os que o tiñamos que facer, porque cada quen constrúe a súa experiencia. E despois de todo isto, e tamén entre todas e todos, había que construír a alternativa para o *cambio... ¡uffff!*.

Así, con este “¡uffff!” desbotamos, para comezar, a metodoloxía expositiva. O traballo teórico intensivo, aínda que fose realizado polo grupo ou polos grupos, non nos valía para o que queriamos conseguir. A liña metodolóxica era outra: a análise dos asuntos que involucran o noso papel, o noso rol, non se pode facer se non é a traveso das situacións vivenciais: os xogos de grupo, a simulación, o roll-playing, algunhas veces o psicodrama. Esta era a idea. Só vivenciando podiamos analizar despois... e así continuamos a intervención.

E ASÍ, TAMÉN FIXEMOS O NOSO TALLER NAS XORNADAS...

Así xustamente. Presentámonos entre todas e todos, xogando.

Comezamos a observar, xogando tamén. Unha simulación dunha discusión serviunos para isto. Dúas persoas do grupo, estupendas actriz e actor por certo, proporcionáronnos o material necesario: ¿que é o importante nunha discusión?, ¿que nos quere dicir exactamente a persoa ou as persoas que temos como interlocutoras? ¿que hai detrás das súas palabras? ¿que hai detrás do seu ton, da súa postura, dos seus xestos?

O grupo producía moitísimo. Pasamos á análise da relación cos grupos, desde o rol profesional. O alumno adolescente que, de pronto, sofre un cambio: ¿que cambio?, ¿que lle pasa?. Non sabemos o que lle pasa. Comentámolo coas compañeiras e compañeiros do centro: ¿que lles contamos, para que se fagan unha idea?, ¿que non lles contamos? ¡Ui, ui, ui, ui!. ¡Non sei por que non lle lo contei... iso xustamente era moi importante, era fundamental para identificar o problema: a profesora non contou todo o necesario para averiguar colexiadamente o que lle pasaba ao seu alumno... as súas compañeiras e compañeiros tampouco non lle preguntaron nada... ¿por que?. Pensamos que queremos saber as cousas, pero... ¿queremos realmente?, ¿ou hai algunhas que preferimos non saber? Porque, se as sabemos, ¿que facemos despois?. A ver, colegas da nosa profe ¿por que vós non lle preguntastes?, ¿tampouco queriades saber o que pasaba?...

E, sobre todo, a gran cuestión... ¿cantas veces nos pasa isto na realidade cotiá?. ¿Cantas veces non queremos saber?. ¿Cantas somos conscientes deste tipo de omisións?.

Non podemos nin debemos esquecer que sermos conscientes das nosas defensas axúdanos a resolvelas en termos máis adaptados e, sobre todo,

cualifícanos para axudar ás demais persoas... e tamén a nós mesmas, por suposto.

UNHAS CANTAS CONCLUSIÓNS:

1. HAI ALGÚNS ELEMENTOS QUE FACILITAN A INTERVENCIÓN:

- **O ESPAZO FÍSICO:**

- Elixir un lugar apropiado (con intimidade, sen ruído, sen interferencias)
- Non interpoñer barreiras físicas entre as interlocutoras (mesas, mobles, ordenador, etc.)
- Adoptar unha posición cómoda. Preferibelmente sentadas
- Elixir o mellor xeito de colocación das persoas, para facilitar a interacción, dentro das posibilidades do local
- Evitar situarnos en fronte, máis elevadas ou dándolle as costas a alguén

- **A DISTANCIA NECESARIA:**

- Tomar a distancia necesaria, que impida que algo nos afecte emocionalmente ata o punto de *perder os papeis*, non vai unido a manter unha actitude distante ou fría.
- A linguaxe sinxela, a espontaneidade, o ton suave e acolledor, facilitan a comunicación e a relación. Moitas veces, argumentos aparentemente irrefutábeis, perden parte da súa forza ao seren defendidos apaixonadamente, desordenadamente ou dun xeito descortés.
- Identificar todo aquilo que nos poida indicar como está sendo recibida a nosa mensaxe, é fundamental (expresión, ton da resposta, postura corporal, etc.)

- **O PRIMEIRO CONTACTO É MOI IMPORTANTE**

- De feito, condiciona a posterior intervención.
- Podemos obter moita información sobre as persoas facilitando que a comuniquen e observando o xeito en que a comunican
- Algunhas veces, non obtemos información, ou esta non é fiábel. Nestes casos, debemos tentar de buscar unha explicación. En ocasións,

preguntas que nos parecen absolutamente “normais”, son vividas como invasivas ou fiscalizadoras pola persoa entrevistada, o cal propicia que a súa resposta sexa defensiva.

- Emitir a nosa opinión, os nosos consellos ou as nosas pautas, dificulta a intervención... e mesmo pode comprometela seriamente se o facemos antes de coñecer realmente o asunto que nos ocupa.

- **TAMÉN SON MOI IMPORTANTES ALGÚNS OUTROS ASPECTOS**

- Ser negociadoras cando é preciso facilita enormemente a comunicación e o logro dos nosos propósitos educativos. Saber identificar se existen intereses e cales son, abre unha vía neste senso.
- Para isto, o fundamental é observar os argumentos que se manexan, máis que o que se defende en termos xerais.
- Tamén resulta fundamental ter moi claros os nosos obxectivos. Seguramente nos levará a buscar a maneira de situarnos ao lado dos que, en realidade, deben ser os nosos aliados.
- Propoñernos como obxectivo que alguén *recoñeza diante nosa* un erro, un fracaso ou unha conducta inapropiada, case nunca dá resultado e case sempre dificulta a intervención. Podemos buscar outros indicadores de que aquilo que nos preocupa está sendo realmente asumido (cambios no futuro inmediato, etc.)

2. O MODELO DE INTERVENCIÓN:

- A mellor aprendizaxe é a que se inicia desde o comezo da escolarización, pero isto non ten que pasar necesariamente pola abordaxe directa dos temas, senón pola educación de actitudes máis en *abstracto*.
- Polo tanto, non se deben xerar ningún tipo de tabús. Cando se dea información, esta debe ser precisa e obxectiva. Debe ter en conta o interese do alumnado e o seu nivel cognitivo. Isto interesa para a cantidade de información e para o procedemento da súa transmisión. Dar máis datos dos que alguén pode "dixerir" e assimilar dá os mesmos resultados que non proporcionar información ningunha.
- Durante a infancia e ao chegar a adolescencia, estrutúrase a personalidade e desenvólvese a autoestima. Calquera intervención debe ter en conta estas

circunstancias e calquera actuación que consiga que as nenas e os nenos **SE QUEIRAN E SE VALOREN MÁIS A SI MESMOS**, será positiva na educación para a saúde.

- Darlle responsabilidades reais ao alumnado e permitirlle que as asuman, propicia o seu desenvolvemento integral.
- Polo tanto, fomentar a súa participación na toma de decisións no Centro Educativo, potenciando as estruturas necesarias para isto. Demostrarlles que se están a ter en conta as súas opinións e achegas neste sentido, promove a súa maduración e propicia unha relación que permite intervencións eficaces.
- A educación na tolerancia e na solidariedade, consideradas como actitudes inequivocamente positivas, permite xerar comportamentos responsábeis ante a vida en xeral e ante a saúde en particular.
- Neste sentido, a identificación e a análise do que estamos transmitindo diariamente, na nosa relación con elas e con eles, sería dunha gran axuda. A observación sistemática das respostas que emiten ante a mesma, a nivel verbal, conductual e mesmo xestual pódenos dar case sempre indicadores claros para actuar a este nivel.
- Por último, calquera intervención é válida en principio, sempre que: parta da realidade, se propoña para atinxir obxectivos viábeis e sexa avaliada en profundidade, extraendo desta avaliación as conclusións necesarias para modificar o que sexa preciso.

UNHA CALIFICACIÓN DE TODOS ISTO, ELABORADA POLO GRUPO DE PRESA E CORRENDO... ¡XA CONSUMIRAMOS O TEMPO QUE ESTABA ASIGNADO!

- Foi divertido (esta é a que máis nos gusta, por iso a poñemos diante de todas)
- Foi productivo
- Gustaríanos que dese máis de si.... ¡o tempo!
- Poderíamos falar máis polo miúdo (algunha xente)
- Resultoume algo incómodo cando se plantexaba quen "saía" (unhas poucas persoas)

- Sairía outra vez... só se abordou unha situación (a maioría dos actores e das actrices)

Agora xa nos coñecemos. Unha aperta para todas e para todos.

Lola e Fernando